

Polo parque

Celestino Pérez Recarey

RELATOS DE VERÁN 08 ago 2019

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/relatosveran/2019/08/08/span-langglpolo-parquespan/0003_201908G8P31991.htm

Pasei moitos meses metido nunha biblioteca preparando unha oposición. Ao remate de cada xornada sentía a necesidade de dar un paseo para despexar a cabeza.

Unha desas tardes de camiñada por un parque, ao cruzarme cunha moza de corpo xeitoso que ía cun canciño, sentín unha punzada nun talón. Vireime instintivamente e vin que me estaba trabando o seu cadelo. A rapaza deseguida botou man do animal e pediume desculpas. Como non lle puxen moi boa cara, convidoume a tomar algo para desagraviar o que me fixera a súa mascota. Non fun quen de negarme e sentamos nunha terraza.

En principio estivemos falando, mellor dito, ela estivo falando case todo tempo de cousas cotiás; do seu can, que lle facía moita compañía, do seu emprego precario mentres non atopaba outro mellor... A súa conversa percorría fluída e amena. Logo, cando xa nos desinhibimos, charlamos animadamente das nosas afeccións; de cine, que a ela lle encantaba; de literatura, que era a miña paixón; da nosa música preferida... Non parabamos de falar! Cando nos despedimos, xa era moi tarde e cada un colleu o seu camiño.

Esa noite tardei en durmir pensando na rapariga; encantoume a súa desenvoltura e a súa alegría. Ademais tiña un sorriso pracenteiro e uns ollos moi expresivos que me tiñan engaiolado. Moito me gustaba!

Ao día seguinte, volví ao parque para ver se a atopaba e seguir coa amena conversa do día anterior e, sobre todo, para manifestarlle o que sentía por ela.

Fun ao lugar onde nos atopamos o día anterior e non a vin, mirei por todo o paseo e... non a dei atopado! Estiven camiñando bastante tempo por se acudía máis tarde, pero non apareceu. Aínda que marchei algo desilusionado, deseguida me tranquilice pensando que nalgún momento aparecería co seu cadeliño. Pero o caso é que tampouco se deixou ver ao outro día nin aos seguintes.

Pasou o tempo e aquel marabilloso encontro non se dá borrado do meu maxín; sigo pensando continuamente nela. Estou ben seguro de que algún día atopareina paseando ao seu cadelo polo parque e poderei achegarme a ela para dicirlle que é a muller dos meus soños.